

Premios Concursos no Día das Letras Galegas

O pasado 17 de maio, concedéronse os premios de carteis e redacción no Día das Letras Galegas, organizado polo Concello de Betanzos:

Tres alumnas do CEIP Fco. Vales Villamarín, obtiveron premio accésit. Estes son os seus traballos:

"Eiqui vimos celebrar unha vez mais a xeira das Letras Galegas. Nun solo día o ano en Galicia, os centros de educación é os medios préstalle unha especial atención a todo o relacionado ca nosa fala; as nosas letras. Pero inda nestes días das Letras Galegas a ninguén se lle ocorreu facer unha programación total, nunha tirada en galego.....". "....Canto estivo visitando o noso pobo escribiu esto."

Invocación a Betanzos

*Betanzos dos teitos dourados e cuprosos
i as afiadas torres das eirexas antigas
denegridas da choiva i o vento do mar!*

*Escuadrós fadados do lupo!
Camiño de Ambroa, Irixoa e Monfero,
de terras de Andrade e Terras de Cela!*

*Rio Mandeo,
vagariño nas noites de totalas estrelas!*

*Ponte vella do Norde!
Portas, ruas iradas,
balcós e solainas colgadas de garamela,
prazas íntimas co vagante xusto!*

Uxío Novoneyra foi este ano homeaxeado no día das Letras Galegas. Procurade ler as súas obras e telo sempre presente.

Texto extraído do traballo feito por:

Cristina Fernández Fornos (4ºA)

UXIO NOVONEYRA


Uxío era un neno contento
E gustáballe moito escribir
tan pouco tempo lle levou
que si que é un modelo a seguir.

Gustáballe a poesía
Para e era algo máxico
ás veces pena sentía
pero nunca se aburría.

Despois de tanto tempo
E falo de Uxío, Uxío do Courel
pasou tanto tempo, tanto tempo
ata que morreu.

Pero sempre haberá un recordo
algo que foi importante,
por iso en maio,
estamos a celebrar,
algo especial, o Día das Letras Galegas.

María Peteiro Castro (3º ciclo)



8º Torneo Interclases no CEIP Fco. Vales Villamarín

O primeiro de xuño de 2010 deu comezo a oitava edición do Torneo Interclases, organizado pola ADC Vales Villamarín, coa colaboración este ano da Dirección do Colexio, o Concello de Betanzos e o Club Btt Caimanes Betanzos.

Case medio millar de rapaces, 359 nenos e 125 nenas, inscribíronse neste torneo. As disciplinas preferidas, atendendo ao número de neno/as inscritos foron: Fútbol Sala (148), Baloncesto (81), Bádminton (80), Ciclismo (76), Atletismo (52) e Tenis de Mesa (47).

As competicións en tódolos deportes, tanto individuais como colectivos, terán carácter eliminatorio ao longo dos primeiros días do mes de xuño; agás atletismo e ciclismo, nos que unicamente haberá unha competición a celebrar na tarde do 12 de Xuño, xunto co restos das finais e coincidindo coa exhibición de final de curso da actividades extraescolares organizadas pola ADC.

Exhibición final de curso Actividades Extraescolares

A Exhibición terá lugar o sábado 12 de xuño, a partir das 18:00, xusto despois do remate do Torneo Interclases.

Todos os nenos/as, cada un na súa especialidade, protagonizarán exercicios de ximnasia rítmica, baile, karate, psicomotricidade e atletismo, mentres que a exhibición de fútbol sala e baloncesto correrá a cargo dos máis pequenos.

A organización agradece a presenza de todos os familiares que queirades asistir e espera que disfrutedes da xornada.

MARCADOR CESION TERREOS

ANOS

3

MESES

4

Este marcador irá contando, mes a mes, o tempo transcorrido dende que o Concello decidiu expropiar os terreos para o novo colexio de infantil ata que os ceda á Xunta de Galicia

Asemblea con actividades para nenos/as



Co fin de facilitar a asistencia das nais/pais á próxima asemblea do ANPA que se celebrará no colexio o xoves, 17 de xuño ás 5 da tarde, a xunta directiva organizará actividades para os nenos e nenas, cuxas nais / pais queiran asistir á dita asemblea.

Asemblea ANPA (17 xuño)

Primeira convocatoria⁽¹⁾: 16:30

Segunda convocatoria⁽²⁾: 17:00

Lugar: Salón de actos do colexio

- Orde do día -

- Lectura e aprobación do acta anterior.
- Situación das reclamacións xurdidas dende a última asemblea.
- Reorganización da xunta directiva. Altas e baixas.
- Resumo do estado de contas.
- Presentación e aprobación do novo sistema de cotas de socio.
- Xestión do Comedor e Madrugadores.
- Axendas escolares.
- Previsión matrícula 2010-2011, falta de profesorado de apoio (NAEE) e persoal administrativo
- Protocolos atención médica.
- Plan de autoprotección. Simulacros de evacuación.
- Situación das escolas infantís (0-3 anos e 3-6 anos).
- Compromisos adquiridos co Concello de Betanzos.
- Alternativa á Relixión (DAE).
- Modificación do Proxecto Educativo do Centro (PEC).
- Situación do galego nas aulas. Queixas recibidas e aprobación das medidas tomadas.
- Actividades levadas a cabo e programación para o vindeiro curso.
- Comunicación ANPA – socios / nais / pais.
- Suxestións e preguntas.

⁽¹⁾ **Primeira convocatoria:** Dará comezo a asemblea se asisten a ela a maioría dos asociados.

⁽²⁾ **Segunda convocatoria:** Dará comezo a asemblea, calquera que sexa o número de asociados presentes.



Asemblea para nais e pais

Se nós non nos preocupamos,
quen o vai facer?

17 de xuño, ás 17:00
no Salón de Actos do Colexio

Anímate a facernos suxestións ou queixas a través do noso enderezo electrónico
e-mail: anpabrigantium@gmail.com

Visita o noso Blog:

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN